



A Cátedra R continúa divulgando sobre Ciberseguridade en CIBER.gal e é patrocinadora VIP do evento

- *O ano pasado presentouse o nodo da Xunta CIBER.gal en CyberSec@GAL, foro impulsado pola Cátedra R que, á súa vez, participa agora no primeiro encontro organizado do nodo da administración galega en prol da seguridade dixital.*
- *Coa súa presenza e patrocinio da I edición de CIBER.gal, a Cátedra R ratifica a súa aposta por seguir traballando con institucións públicas e privadas na divulgación de coñecemento e experiencia sobre Ciberseguridade.*
- *A responsable de Privacidade do operador galego R coordinou esta mañá o panel de debate “COVID 19 e industria: Cando non queda máis remedio que abordar a Ciberseguridade”, onde expertos do sector compartiron a súa visión sobre a seguridade dixital no contexto da industria e da crise sanitaria.*
- *Tamén se desenvolveu, auspiciado pola Cátedra R, un taller práctico en formato multisede para o estudo de ameazas en redes e aplicacións; mañá lanzarase o reto “Cátedra R e Gradient” e entregaranse os Premios Cátedra R en Ciberseguridade das Universidades de Vigo e A Coruña.*
- *O nodo CIBER.gal diríxese a empresas, cidadanía e administración para difundir contidos sobre Ciberseguridade, afrontar ameazas do contexto dixital, impulsar a industria nesta materia e fomentar a creación de talento, ideas aliñadas cos obxectivos da Cátedra R.*
- *Concienciadas dos requirimentos actuais do contexto dixital, preto de 5.100 empresas pequenas e medianas dispoñen xa dos servizos de Ciberseguridade do operador galego R, con accesos a internet dotados de solucións avanzadas para asegurar os dispositivos e a información sensible e fundamental da empresa.*

Mércores, 10 de novembro de 2021.- Nesta primeira edición de CIBER.gal, o nodo de Ciberseguridade da Xunta de Galicia, a Cátedra R en Ciberseguridade colabora como patrocinadora de primeiro nivel e participa activamente con actividades diversas durante as xornadas de hoxe, mércores 10 e mañá, xoves 11, días do evento na Cidade da Cultura de Santiago de Compostela.

Combinando o formato presencial e híbrido, e multisede -para contactar simultaneamente en remoto con diferentes localizacións- artículase este primeiro foro dirixido a empresas, cidadanía e administración, con visión de futuro ante o sensible aumento dos riscos inherentes ao universo dixital nos últimos anos. Riscos que implican desafíos para atopar solucións e tomar precaucións ante todas esas ameazas que tamén se multiplicaron considerablemente coa chegada da pandemia e o uso masivo das novas tecnoloxías.

Cátedra R: de CyberSec@GAL a CIBER.gal

O ano pasado, no foro galego de Ciberseguridade CyberSec@GAL (<https://catedrarciberseguridade.com/>) impulsado pola Cátedra R e promovido tamén por CPEIG e COETG- presentouse o nodo da Xunta CIBER.gal. É agora a Cátedra R (R + Universidades da Coruña e Vigo) a que continúa o seu labor nesta primeira edición de devandito nodo, unha nova estrutura cooperativa da administración autonómica en prol da seguridade dixital.

Os referentes do nodo CIBER.gal radican en divulgar contidos sobre Ciberseguridade, afrontar as ameazas do contexto dixital, impulsar a industria nesta materia e fomentar a creación de talento, ideas aliñadas ao 100 % cos obxectivos da Cátedra R.

“COVID-19 e industria: cando non queda máis remedio que abordar a Ciberseguridade”

Esta mañá desenvolveuse, baixo este título, un panel de debate dirixido aos sectores industrial e empresarial onde expertos en seguridade compartiron a súa visión sobre a situación actual e futura desta área, tanto nos procesos de fabricación como nos negocios.

Susana Rey, responsable de Privacidade de R, coordinou o debate, e na presentación do tema destacou que, dende o inicio da pandemia *“falouse sobre todo do impacto que os cambios introducidos pola COVID-19 supuxeron na sociedade: teletraballo, comercio electrónico, teleasistencia, telebanca... Mais moitos deses cambios lles afectaron tamén de cheo a sectores industriais esenciais”* que asumiron igualmente a necesidade de incorporar a Ciberseguridade ao seu labor diario. E engadiu que *“a Ciberseguridade industrial non é unha opción”*.

Belén Pérez, coordinadora do Centro de Ciberseguridade Industrial en Galicia asegurou, nesta liña, que lle parecía *“un acerto o enfoque deste panel de debate porque o que queremos é deternos nesa parte ata o de agora bastante esquecida da Ciberseguridade; normalmente centrámonos na área dos sistemas e da tecnoloxía, na parte da información. E hoxe poñemos en valor estoutro capítulo da Ciberseguridade industrial que, sen dúbida ten un impacto directo na vida das persoas, por iso parécenos tan importante”*.

Armand Pascual, subdirector da área de Ciberseguridade Industrial en S2 Group, reflexionou sobre a lección aprendida coa pandemia sobre a necesidade de *“estar preparados tamén fronte á materialización de ameazas que, aínda que sexan pouco probables, poden ter un impacto devastador. Debemos trasladar esta idea ao ámbito da Ciberseguridade nas contornas industriais, non só con medidas exclusivamente técnicas, que son importantes, senón tamén con outras procedimentais e humanas (sensibilización, formación e concienciación)”*.

Na charla tamén participou o responsable de Seguridade da Información de Coren, **David González** e máis **Iago Crespo**, responsable de Seguridade da Información de UFD Distribución Electricidade, quen asegurou que *“a pandemia acelerou liñas estratéxicas previstas nos nosos plans directores de Ciberseguridade, e tivemos que cambiar algunhas prioridades e executalas en tempo récord para seguir ofrecendo o servizo esencial que prestamos sen que se resentise (...) Esa aceleración impulsou unha maior concienciación e mellora dos plans de continuidade de negocio en todas as súas vertentes: a día de hoxe somos moito máis resilientes que antes da pandemia”*.

Sobre ameazas en redes, retos e premios

No obradoiro desta mañá *“Detección, identificación e análise de ameazas en redes e aplicacións”* revisáronse as **principais ameazas existentes de malware** (software malicioso) e a forma de previlas, indentificalas e neutralizalas.

O profesor Juan Carlos Burguillo (UVIGO) explicou que *“Os troianos, virus, spyware, etc. son tipos de malware que usan os cibercriminais para acceder ás redes, computadores ou dispositivos móbiles usando software malicioso para roubar datos e/ou diñeiro. Os troianos supoñen máis da metade do malware atopado nos equipos, e globalmente, cada día, centos de pequenas e medianas empresas caen vítimas de ataques de ransomware”*.

A profesora Elena Hernández, pola súa banda, comentou o fácil que é infectar un equipo: "*Para que un malware afecte a un dispositivo ten que instalarse nel, e para iso non é necesario máis que descargar un adxunto a un correo a través dunha ligazón ou descargar un programa coñecido dende un sitio gratuito. E o dano xa está feito*".

En formato de traballo multisede (Universidades + Institutos FP + Gaiás), exemplificáronse casos de estudo prácticos mediante ferramentas de código libre que puideron instalar e probar os participantes: estudantes de FP Superior e especializado, e alumnos/as de Grao e Máster universitario.

O lanzamento do **reto Cátedra R e Gradient** será esta mesma tarde, aberto a calquera rango de idade e nivel de estudos entre os/as alumnos/as de centros de ensino galegos. Trátase de que poidan demostrar, a través do concurso "*Capture the flag*", as súas habilidades e destrezas resolvendo problemas relacionados con temáticas como a criptografía, a análise forense, *networking* e/ou *reversing*. <https://www.xunta.gal/notas-de-prensa/-/nova/63271/edificio-fontan-acollera-dia-10-novembro-concurso-capture-the-flag-marco-encontro>.

E como ramo da actividade da Cátedra R nesta primeira edición de CIBER.gal, mañá xoves entregaranse os **premios Cátedra R en Ciberseguridade UVIGO-UDC**, na área de Ciberseguridade e no contexto do Sistema Universitario Galego (SUG). Trátase de dous premios para Traballo Fin de Grao (de 300 € cada un), outros dous para Traballo fin de Máster (de 400 € cada un deles) e un para o mellor traballo de investigación de Tese Doutoral (de 700 €). Ademais, outorgaranse tamén dous premios do reto Cátedra R e Gradient, de 700 € e 300 €.

Ciberseguridade: necesidade das pemes, prioridade de R

A seguridade dos sistemas e a protección dos seus datos converteuse nunha prioridade para as compañías galegas, tamén pequenas e medianas, cada vez máis conscientes de que un ciberataque pode supor igualmente para elas grandes perdas de información, de recursos e mesmo de reputación; de aí a importancia de dispor dun **acceso a internet dotado de solucións de ciberseguridade avanzada** que farán máis seguros os dispositivos e a información sensible e fundamental do negocio.

A área de empresas de R traballou para responder as necesidades detectadas neste terreo tan sensible da Ciberseguridade, con solucións específicas para cada caso, non só nas grandes corporacións senón tamén nas pemes do territorio; e a día de hoxe son xa case **5.100** os negocios que dispoñen do servizo de **ciberseguridade pemes de R**. Entre as súas vantaxes, o soporte dun experto dixital e medidas adaptadas para protexer a rede, os dispositivos e os datos do/da cliente/a empresarial fronte a ataques de virus e *malware*.

Obxectivos aliñados para seguir traballando conxuntamente

Coa súa presenza activa e como patrocinadora VIP e estratéxica desta primeira edición de CIBER.gal, a Cátedra R ratifica a súa aposta mantida por seguir traballando conxuntamente con institucións públicas e privadas na divulgación de coñecemento e experiencia sobre Ciberseguridade, profundando nos seus riscos e ameazas, desafíos e solucións.

Porque esta xa se converteu nunha materia esencial e ineludible na conxuntura actual, e vai requirir aínda máis, se cabe, a nosa atención para tentar garantir o maior grao de seguridade posible a persoas e empresas nun mundo cada vez máis dixitalizado a todos os niveis.

Inscrición nas actividades e máis información sobre o evento en:

https://catedrarciberseguridade.com/cybersec_es

comunicación R

prensa@mundo-r.net

R.gal